



Cóntame un conto

PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

18 de novembro de 2023

20 de xaneiro de 2024

Lugar: Museo do Pobo Galego

2 módulos. 12 horas lectivas.

PROGRAMA DO OBRADOIRO DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NOVEMBRO 2023 / XANEIRO 2024

18 DE NOVEMBRO DE 2023, SÁBADO

No primeiro módulo do programa (outono) aprenderemos que son os contos tradicionais, como recollelos dos portadores deste saber (informantes) e como traballar con contos tradicionais con eles do punto de vista teórico. Os conferenciantes ofrecerán a información teórica e os recursos prácticos básicos para traballarmos cos contos. Organizámola en dúas sesións cun total de 5 horas (2 obradoiros teórico-prácticos e debate)

OBRADOIRO DE 3 HORAS

11:00-12:00 h

M. Concepción Losada e Isabel Vigo

Presentación do curso. Presentación do Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade do MPG.

- Un paseo polo APOI online
- O APOI como repositorio de recursos educativos

12:00-13:00 h

Manuel Vilar

Bases de entrevista en etnografía.

- Traballo de campo. Recolla e interpretación das fontes tradicionais.

Debate 60 minutos

Cóntame un conto

OBRADOIRO DE 3 HORAS

16:00- 17:00h

Camiño Noia

Coñecer a literatura de tradición oral de Galicia: os contos.

- Que son contos tradicionais e onde podemos atopalos.
- Tipoloxías de contos.
- Coleccións e catálogos de tipoloxías de contos en galego.

17:00- 18:00h

María da Pontragha

Adestrar no traballo de contar, practicando o conto cada mestre por si e adestrar no traballo de ensinar a quen conta, dirixindo e supervisando a outros participantes do curso:

- A postura, o traballo físico do corpo
- A dicción, a oratoria e os seus recursos
- A voz e o traballo de mellora do volume, ton, etc.
- As pausas e os silencios.

Analizar dun modo crítico os valores transmitidos polos contos.

- Fundamentalmente aqueles aspectos da cultura tradicional que poden ser máis inadecuados desde o paradigma actual: os roles de xénero, de clase social, o racismo e a relación cos animais.

Debate 60 MINUTOS



Cóntame un conto

20 DE XANEIRO DE 2024, SÁBADO

No segundo módulo (despois do Nadal) contaremos contos para poder ensinar a contalos. Aprenderemos de profesionais que nos ensinarán, dende cadansúa propia perspectiva, como contar contos tradicionais nos tempos de hoxe. Para os aspectos técnicos, aprenderemos a gravalos en vídeo e difundilos. Os conferenciantes ofrecerán a información teórica e os recursos prácticos básicos para traballarmos cos contos. Organizámola en tres sesións cun total de 6 horas (3 obradoiros teórico-prácticos e debate)

OBRADOIRO DE 3 HORAS

11.00-12.00 h.

X.M. González Reboredo

Bases de entrevista en etnografía. A actualización das fontes tradicionais.

- A actualización das fontes tradicionais.
- Contextualizar os relatos.

12:00-13:00 h.

Celso F. Sanmartín

Coñecer os elementos básicos do traballo de contar.

- A creación e descrición de personaxes: o corpo e a alma da personaxe
- A descrición da acción
- O gusto e a vontade de contar.

Debate 60 MINUTOS

OBRADOIRO DE 3 HORAS

16:00-18:00 h.

Sabela Iglesias e Pilar Abades. Illa Bufarda

Audiovisual na aula: gravar a arte de contar.

- Coñecer os conceptos básicos da linguaxe audiovisual e todos os trucos para sacar o maior rendemento dos nosos recursos.
- Daremos diferentes consellos de gravación de son, encadre e iluminación para gravar a arte de contar.
- Fornecerase ao alumnado cunha ficha con ligazóns a recursos na Rede para mellorar as pezas audiovisuais (arquivos, músicas libres e software de edición)

Debate 60 MINUTOS

Cóntame un conto



Antoniño Fernández Fraga



Xosé Manuel González Reboredo

Licenciado en Filosofía e Letras (especialidade de Historia) pola Universidade de Santiago de Compostela na que se licenciou en 1968 e doutorou en 1974. Sendo estudante en Compostela iniciou a súa formación en Etnografía e Arqueoloxía de Galicia con Fermín Bouza-Brey no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, institución na que foi xefe da sección de Etnografía. Desenvolveu tamén unha intensa actividade como membro da sección de Antropoloxía do Consello da Cultura Galega, entre 1987 e 2007, e pertence ao Consello de Cultura da Excm. Deputación Provincial de Lugo así como á Real Academia Galega como correspondente. Incorporouse ao Padroado do Museo do Pobo Galego dende a súa fundación. Realizou traballo de campo no leste da provincia de Lugo, no occidente de León e noutras zonas de Galicia. Ademais de artigos e relatorios de congresos, é autor ou comparte a autoría de numerosos libros relacionados co folclore e a antropoloxía de Galicia. Entre as súas publicacións destacan: Lendas Galegas de Tradición Oral (1984), Entroido en Galicia (1987), A festa de San Xoán (1989), Antropología y Etnografía de las proximidades de la Sierra de los Ancares (1990), Sociedade y tecnoloxía tradicionais do val de Ancares (1996), La invención del Estado-nación (2001)...

María Camiño Noia Campos

Foi catedrática de Lingua e Literatura Galega da Universidade de Vigo. As súas liñas principais de traballo son a literatura popular e a literatura galega contemporánea.

Leva décadas traballando na recollida, catalogación e divulgación de contos tradicionais galegos, traballo no que se valeu da axuda do seu alumnado e bolseiros, que se encargaron de facer as recollidas de campo gravando a persoas que aínda recordaban contos e que ademais sabían contalos. O froito desta labor plasmouse en varias publicacións sobre o tema, como Contos galegos de tradición oral (2002) ou Catálogo tipolóxico de conto galego de tradición oral: clasificación, antoloxía e bibliografía (2010). A súa publicación máis recente sobre o tema é Catalogue of Galician Folktales (2021).

Sabela Iglesias e Pilar Abades (Illa Bufarda)

Sabela e Pilar son comunicadoras audiovisuais e produtoras de Illa Bufarda. Esta produtora creativa galega, ademais de crear todo tipo de contidos audiovisuais, está especializada en realizar formación que busca fomentar a creatividade e educar a mirada, axudando a crear espectadoras críticas de tódalas idades. Dentro do seu proceso de formación, fan fincapé na cultura e na realidade social, conxugando o coñecemento cultural e a experimentación cos procesos creativos da mensaxe audiovisual.

Cóntame un conto

María Iglesias Vázquez

Tamén coñecida como “María da Pontragha”, é unha contadora de contos que basea o seu repertorio nos contos de tradición oral. Esta contadora combina contar e cantar e está especializada no público infantil e xuvenil. Mais a este público non é solo a súa audiencia, senón que tamén son o seu alumnado, pois imparte formacións para contar a crianzas na ensinanza non regrada.

Celso Fernández Sanmartín

Filósofo de formación, o lalinense defínese como “colleitor e contador de contos e historias de vida de tradición oral”. O seu xeito de contar contos basease na recolla de historias, que adecúa ao noso imaxinario actual en función do seu público. Ademais de ter unha ampla experiencia como contador, tamén ten formado a moitos novos contadores.

Manuel Vilar Álvarez

Licenciado en Xeografía e Historia; realizou cursos de doutoramento en Antropoloxía e un mestrado en Xestión de Bens Culturais e Patrimonio. Fixo traballo de campo acerca de aspectos relacionados co patrimonio etnográfico, os museos ou os rituais e o Camiño. Sobre estes escribiu artigos e relatorios publicados en diversas revistas especializadas e actas de congresos. É tamén autor de libros como Os faros da Costa da Morte (con X. M^a. Lema Suárez) (Cee: Asociación Neria, 2001); O Camiño a Fisterra (Vigo: A Nosa Terra, 2006); ou “Diccionario” Xaquín Lorenzo “Xocas”. (Santa Comba: tresCtres editores, 2004).

Isabel Vigo Rodríguez

Licenciada en Historia da Arte; realizou un mestrado de Patrimonio Cultural galego-portugués especializándose en Patrimonio Cultural Inmaterial. Membro do equipo técnico do Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI) do Museo do Pobo Galego.

M. Concepción Losada Vázquez

Coordinadora do Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI) do Museo do Pobo Galego e coordinadora do Proxecto Cóntame un Conto.



Cóntame un conto



Antonio Iglesias Vázquez

